

A MATERIA E AS SÚAS PROPIEDADES

- 1 Indica se as seguintes propiedades son propiedades xerais (X) ou propiedades características (C) da materia.

cor ☐

masa ☐

volume ☐

sabor ☐

densidade ☐

dureza ☐

- 2 Relaciona mediante frechas.

Masa dun corpo. •

• É a cantidade de materia que ten.

Volume dun corpo. •

• Cálculase dividindo a cantidade de materia que ten entre o espazo que ocupa.

Densidade dun corpo. •

• É o espazo que ocupa.

- 3 Observa a imaxe e elixe as respostas correctas.



a) Cal é o volume desa substancia?

☐ 1 litro.

☐ 1 quilogramo.

☐ 1 mililitro.

b) Cal é a súa masa?

☐ 1 litro.

☐ 1 quilogramo.

☐ 1 mililitro.

c) Cal é a súa densidade?

☐ 1 cm³/g

☐ 1 g/L

☐ 1 g/cm³

- 4 Sinala cal das definicións se refire á viscosidade? Marca.

- ☐ Capacidade dun corpo de recuperar a forma.
☐ Resistencia que ten un líquido a fluír.
☐ Capacidade dun sólido para dobrar sen romper.
☐ Capacidade para evaporarse.

5.

Relaciona cada termo coa súa definición.

Corpo plástico •

Recupera a forma inicial cando deixa de actuar a forza que o deformou.

Corpo indeformable •

Non recupera a forma inicial cando deixa de actuar a forza que o deformou.

Corpo elástico •

Non se deforma cando actúa unha forza sobre el, senón que rompe.

6.

Relaciona as columnas.

oxidación •

• Arde un papel e transfórmase en dióxido de carbono e cinza.

fermentación •


• Nela están implicadas algunhas bacterias e fermentos durante a produción dalgúns alimentos.

combustión •

• Unha substancia combínase con osíxeno e transfórmase noutra substancia diferente.

7.

Observa a imaxe e coloca os textos no seu lugar, sabendo que cada unha das capas representa un líquido distinto.



0,24 g/mL

1 g/mL

0,8 g/cm³

0,9 g/cm³